# Programación da materia de trompeta

# Conservatorio Profesional de Música de A Estrada

## CURSO 2020-2021

**Víctor Manuel Vilariño Salgado**

# Índice


1. **Introducción** ........ 3
    1.1 Marco legal ........ 3
    1.2 Características do centro e do alumnado ........ 4
2. **Metodoloxía** ........ 4
3. **Atención á diversidade** ........ 6
4. **Temas transversais** ........ 7
    4.1 Educación en valores ........ 7
    4.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación ........ 8
5. **Actividades culturais e de promoción das ensinanzas** ........ 9
6. **Grao Elemental** ........ 9
    6.1 Primeiro curso de Grao Elemental ........ 11
    6.2 Segundo curso de Grao Elemental ........ 12
    6.3 Terceiro curso de Grao Elemental ........ 12
    6.4 Cuarto curso de Grao Elemental ........ 13
7. **Grao Profesional** ........ 15
    7.1 Primeiro curso de Grao Profesional ........ 17
    7.2 Segundo curso de Grao Profesional ........ 18
    7.3 Terceiro curso de Grao Profesional ........ 19
    7.4 Cuarto curso de Grao Profesional ........ 20
    7.5 Quinto curso de Grao Profesional ........ 21
    7.6 Sexto curso de Grao Profesional ........ 22
8. **Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica** ........ 24
9. **Procedementos para a avaliación interna do departamento** ........ 29
10. **Anexos** ........ 29
    10.1 Probas de acceso ........ 29
    10.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao ........ 34
    10. 3 CONSIDERACIÓNS ESPECIAIS PARA O CURSO 2020-21 DERIVADAS DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19 35

## 1. INTRODUCCIÓN

A presente programación didáctica foi realizada a partir do currículo oficial vixente e pretende establecer unha proposta de desenvolvemento curricular para a materia de TROMPETA durante os catro cursos do Grao Elemental e os seis do Grao Profesional dos ensinos de réxime especial de Música.
Para a elaboración desta programación, tívose en conta, en primeiro lugar, o Currículo Base, orientador e prescriptivo, do cal se tomaron os obxectivos xerais para concretalos nuns obxectivos didácticos específicos. Así mesmo, esta programación foi realizada en coherencia co Proxecto Educativo de Centro (PEC), de tal maneira que no seu deseño valoráronse coidadosamente as características e necesidades da comunidade á que vai dirixida.

### 1.1. Marco legal

Para a elaboración desta programación didáctica tivéronse en conta os seguintes documentos legais, clasificados atendendo á súa data de publicación, de menor a maior antigüidade:

**ORDE do 29 de setembro de 2015** pola que se convocan os premios extraordinarios nas ensinanzas artísticas profesionais nas modalidades de música, danza e de artes plásticas e deseño na Comunidade Autónoma de Galicia, correspondentes ao curso 2014/15. DOG do 6 de outubro de 2015.
**DECRETO 229/2011**, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG 21 de decembro de 2011.
**CIRCULAR 15/2011** da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.
**ORDE do 4 de agosto de 2011** pola que se desenvolve o Decreto 223/2010, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento Orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 18 de agosto de 2011.
**DECRETO 223/2010**, do 30 de decembro, polo que se establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais de música e de danza da Comunidade Autónoma de Galicia. DOG do 19 de xaneiro de 2011.
**ORDE do 28 de xullo de 2008**, pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 18 de agosto de 2008.
**CIRCULAR 21/2008** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se regula a avaliación e cualificación dos alumnos e das alumnas que cursan as ensinanzas elementais de música e danza dispostas nos decretos 196/2007, do 20 de setembro e 198/2007,

do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas de grao elemental de danza e de música, respectivamente.

**ORDE do 8 de febreiro de 2008**, pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. DOG do 26 de febreiro de 2008.

**DECRETO 198/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. DOG do 25 de outubro de 2007.

**DECRETO 203/2007**, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música. DOG do 31 de outubro de 2007.

**CIRCULAR 9/2007** da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais, pola que se ditan instrucións sobre o desenvolvemento das ensinanzas elementais e profesionais de música establecidas na Lei Orgánica 2/2006, de 3 de maio, de Educación.

### 1.2. Características do centro e do alumnado

O conservatorio está situado no concello da Estrada a 25 km de Santiago de Compostela. A Estrada é un concello de preto de 22. 000 habitantes, divididos en 51 parroquias que, exceptuando a parroquia da Estrada, son de ámbito rural. Desenvolve a súa actividade económica no sector servizos e sobre todo nas explotacións agrícolas e gandeiras.

Por outra banda, a área de influencia do centro esténdese a un conxunto de comarcas lindantes e núcleos nas aforas, algúns deles pequenos, dispersos e de poboación máis reducida, dos que proceden unha parte dos alumnos. A Comarca de Tabeirós-Terra de Montes en xeral e A Estrada en particular, goza dunha gran tradición cultural e musical. A Banda Municipal da Estrada conta con máis de 140 anos de historia nutríndose hoxe en día con practicamente a totalidade dos seus músicos formados ou formándose no noso conservatorio. Ademais outras agrupacións de distintas tradicións, grupos de música moderna, agrupacións de música tradicional, orquestras, charangas, bandas de música de concellos limítrofes, etc. nútrense, tamén, de músicos formados no Conservatorio da Estrada. A proximidade a Santiago de Compostela e que esta sexa unha cidade de enorme tradición universitaria tamén condiciona que moitos alumnos poidan cursar ao mesmo tempo unha carreira universitaria e os estudos de música.

## 2. METODOLOXÍA

Como corresponde ao desenvolvemento dun currículo aberto, os aspectos relativos ao cómo ensinar non teñen un carácter normativo e os métodos de ensino son en gran medida responsabilidade do profesor. Así pois, pretendemos aquí expoñer as directrices que seguiremos no desempeño do noso labor pedagóxico.

Dende o momento no que o alumno inicia a súa aprendizaxe, no primeiro curso de Grao Elemental, o docente aplica un sistema pedagóxico baseado na aprendizaxe significativa, de modo que o alumno sempre poida relacionar os seus coñecementos previos cos novos a adquirir.

**Principios metodolóxicos**

Os principios que rexirán na elaboración desta programación didáctica e na actividade docente, dotándoa deste modo de coherencia e sentido, serán:

- Actividade: o carácter instrumental da especialidade require da práctica, polo que o principio de que as cousas se aprenden facéndoas vai implícito no noso ensino.
- Autonomía: o alumnado será orientado nas clases individuais e nos ensaios colectivos, desenvolvendo a autonomía do traballo e a toma e decisións. Utilizaranse técnicas e estratexias que fagan que a transmisión de coñecementos resulte pracenteira para o docente e interesante para o alumno, favorecendo deste xeito unha participación activa do mesmo e fomentando a aprendizaxe en por sí ou de modo autónomo.
- Creatividade: trataremos sempre, mediante a práctica musical, de estimular a creatividade a partir da utilización da imaxinación, interiorizando o fenómeno sonoro e conectándoo con outras experiencias de tipo multisensorial. Incluiranse actividades que estimulen o pensamento (exercicios, traballos, investigacións, etc.) ou ben a composición e os procesos improvisatorios.
- Individualización: a nosa ensinanza da materia é individual a maior parte do tempo, algo que nos facilita que en cada clase se poida ter en conta a dimensión persoal e afectiva-social de cada alumno ou alumna, valorando os avances que realice desde os seus coñecementos iniciais (detectados na avaliación diagnóstica) e tendo en conta as súas capacidades.
- Flexibilidade e diversidade de estratexias didácticas: co fin de conseguir os obxectivos propostos poderemos realizar as adecuacións que fosen precisas na temporalización dos contidos.
- Convivencia: fomentarase a socialización nun clima de cordialidade e respecto entre o alumnado ademais de potenciando as relacións do grupo entre sí e o traballo en equipo (a través da clase colectiva), facilitando na medida do posible o seu contacto co exterior (asistencia a audicións, concertos, saídas didácticas, etc.).
- Significación: esta será unha das vías de motivación que empregaremos, presentando o que se aprende como algo que é útil noutras situacións e poderá ter unha aplicación real. Asimesmo, tentaremos establecer obxectivos que correspondan á capacidade real do alumno, con suficiente grao de novidade e dificultade para que estimulen a súa curiosidade, utilizar unha linguaxe comprensible, estimular o reto da auto-superación, utilizar reforzos positivos e negativos en función da situación, fomentar a participación nas clases colectivas e desenvolver actitudes positivas ante a actuación en público.
- Interdisciplinariedade: a relación da aprendizaxe do instrumento con outras materias do curriculum adquire nos ensinos de Conservatorio unha importancia fundamental xa que todas as materias están conectadas e teñen puntos en común, polo que se fomentará unha aprendizaxe global e funcional. Desde o inicio orientarase o estudo a partir dunha actitude analítica, tratando de relacionar a partitura co fenómeno musical que encerra. Fomentaremos no alumno unha escoita crítica e responsable, potenciando o esforzo e o afán de obter o máximo de si mesmo, así como actitudes adecuadas que se correspondan cunha materia de índole práctica que incide enormemente na educación do espírito e o intelecto.

## 3. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

A atención á diversidade derívase do concepto de atención ás necesidades educativas especiais, na medida en que todos somos diferentes, somos diversos, non aprendemos da mesma forma e necesitamos unha atención diferente. Estas diferenzas veñen determinadas por variables como as capacidades, as estratexias cognitivas, a atención, os coñecementos previos, os estilos de aprendizaxe, a motivación, o axuste emocional, a integración social, etc. Neste sentido, tamén se expresa o concepto de atención ou educación individualizada, referida á necesidade de que cada alumno poida desenvolver as súas capacidades ao máximo e de forma persoal.
Na aula de violín, deberá adaptarse o exercicio diario ás condicións específicas de cada alumno, coa finalidade de dar unha resposta educativa o máis adecuada posible ás súas necesidades. Por esta razón, os obxectivos deberán adaptarse ás situacións concretas segundo se considere oportuno, do mesmo xeito que poderá ser necesario retomar, reforzar ou prolongar determinados contidos. En definitiva, o profesor terá a oportunidade de deseñar as súas propias actividades, modificándoas ata a súa correcta asimilación ou ben desenvolver outras novas en función da adaptación do alumno.
Unha ferramenta fundamental na determinación e orientación das medidas de adaptación, reside na **acción tutorial**. Tendo en conta a dificultade e especificidade dos estudos realizados no Conservatorio, a colaboración das familias é determinante para conseguir un desenvolvemento óptimo do alumno. Unha información ampla sobre as características e esixencias de cada materia e unha adecuada comunicación periódica e fluída, con entrevistas habituais cos pais, son a base para poder establecer as condicións máis adecuadas para o desenvolvemento do proceso didáctico. Así mesmo, establecerase unha comunicación constante cos compañeiros de claustro, profesores implicados na educación do alumno de maneira que se poidan obter datos relevantes que permitan en caso necesario reorientar a actividade formativa e levar a cabo as adaptacións que sexan necesarias.

### Medidas de atención á diversidade

Existen unha serie de medidas establecidas legalmente con vistas a responder as situacións extremas da diversidade do alumnado:

- **Reforzo educativo**: trátase dunha medida de atención á diversidade dirixida especialmente a aqueles alumnos que presentan dificultade ou baixo nivel. Pódese entender como un esforzo adicional que precisa realizar un alumno temporalmente ao non superar algúns dos contidos propostos. Dadas as características do centro e as particularidades da materia, non se contempla a posibilidade de realizar apoios fose da aula e a cargo dun especialista (como o profesorado de Pedagoxía Terapéutica), senón que se realizarán na aula co profesor de violín. O reforzo pode consistir en: a realización dunha serie de traballos (fose do horario de clase) de consolidación dos contidos esixibles ou o establecemento dun horario de resolución de dúbidas ou de revisión de tarefas (por exemplo, minutos antes ou despois doutra clase á que o alumno deba acudir ao Conservatorio).

- **Adaptacións curriculares individualizadas**: esta medida de atención á diversidade supón a modificación dalgúns elementos do currículo. Estas adaptacións poden ser de dous tipos: non significativas e significativas. Ocuparémonos nesta programación das adaptacións curriculares non

significativas, dado que as significativas supoñen modificar elementos básicos do currículo, actuación que debe ser levada a cabo con coñecemento do departamento didáctico e de inspección educativa, así como realizarse de acordo a unha previa avaliación psicopedagóxica.

- A diferenza do reforzo educativo, unha adaptación curricular non significativa realízase previamente á impartición dos contidos coa finalidade de adiantarse á aparición dos problemas prevendo (dada a capacidade do alumno, coñecida a través da avaliación diagnóstica) que dita actuación será necesaria para eses contidos concretos. Unha adaptación curricular non significativa pode afectar:

  **- Á metodoloxía**, utilizando as estratexias máis adecuadas ao alumno, orientando o seu estudo cara aos aspectos máis apropiados, proporcionando os materiais ao alumnado, etc.

  **- Ás actividades**, deseñando algunhas específicas, diminuíndo ou aumentando o seu número, establecendo diferentes graos de consecución, etc.

  **- Á avaliación**, empregando ferramentas de avaliación diferenciadas, eliminando ou introducindo determinadas probas, etc.
- A posible adaptación de obxectivos e contidos terá que respectar, en calquera caso, os mínimos esixibles fixados na programación.

## 4. TEMAS TRANSVERSAIS

A nosa materia tamén trata esta serie de elementos transversais que son abordados desde cada unha das diferentes materias que comprenden o currículo dos ensinos de réxime especial de música, e que nos dan a oportunidade de reflexionar sobre a dimensión máis persoal da educación.

### 4.1. Educación en valores

Á hora de abordar a educación en valores seguiranse as seguintes consignas:

- A **educación ambiental** tratarémola a través do coidado pola produción excesiva de sons por parte do alumnado, a concienciación sobre contaminación acústica, e a través da importancia que se lle debe de dar ao silencio como marco de calquera actividade musical.
- En canto á **educación para a saúde**, abordarémola a través da práctica corporal, aprendendo a apreciar e valorar o propio corpo e as súas posibilidades de movemento, tendo en conta e incidindo sobre a educación postural e a adquisición dun correcto ton muscular. Ademais, a música, polos seus compoñentes afectivos, fisiolóxicos e intelectuais, tamén incide de forma positiva no equilibrio persoal e anímico das persoas.
- No referente á **educación para a igualdade de sexos**, partiremos de que a música non está relacionada co sexo do alumnado, e de que toda actividade musical en grupo partirá do principio de integración, de colaboración e de respecto mutuo entre os integrantes da clase independentemente do sexo ao que pertenzan.
- A **educación para a paz e a tolerancia** traballarase a partir de pezas doutras culturas e das relacións que se establezan coas persoas da contorna.
- A **educación para o lecer** traballarase a partir do concepto produtivo do lecer, a través da asistencia a concertos, audicións, recitais e outras actividades culturais, ademais de fomentar a escoita de música e a lectura de libros relacionados co traballado en clase.

- En canto á **educación do consumidor** trataremos que o alumnado adquira unha actitude crítica ante o fenómeno musical, axudándolles a forxar un criterio á hora de decantarse por diferentes versións, e propiciando dese modo un aumento da súa capacidade de elección á hora de consumir música.
- A **educación moral e cívica** abordarémola ao ter presente o respecto ás normas e a necesidade da súa existencia como poden ser á hora de tocar en grupo: a entrada simultánea, o mantemento do plano sonoro adecuado, a actitude de escoita e respecto aos demais. Todas estas normas estarían referidas aos compañeiros, ao material da aula, ao profesor, etc.

### 4.2. Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación

Hoxe en día é difícil pensar nun modelo pedagóxico que non se complemente cos recursos tecnolóxicos, permitindo unha formación máis completa e posibilitando unha renovación na pedagoxía e na didáctica. A educación ten que avanzar ao paso da sociedade co fin de enriquecerse mutuamente.
O centro conta con equipos informáticos con conexión a internet, así coma WIFI para alumnos e profesores. Para a materia de violín, a rede é unha importante fonte de información, tanto para a consulta de fondos de bibliotecas, lectura de artigos especializados sobre a materia, procura de partituras, arquivos de audio, vídeos ou libros especializados.

Coa aplicación das TIC´s pretendese acadar os seguintes obxectivos:

- **Desenvolver a autonomía persoal**: A información proporcionada pola rede permite coñecer e contrastar un gran número de versións musicais e coñecer profesores e virtuosos das distintas especialidades instrumentais ca posibilidade de establecer contacto e obter asesoramento. Outro factor importante é que permite coñecer novas formas de empleabilidade relacionadas co campo musical ou información de relevancia respecto ó acceso a estudios superiores. O alumnado debe aprender a seleccionar a información recadada na rede e así tomar as súas propias decisións para continuar o seu proceso educativo e profesional.
- **Coñecer a realidade musical actual**: A través da rede o alumnado atópase en contacto coas noticias de actualidade, ben a través de blogs de solistas e profesorado, de coaching musicais, gravacións recentes, e diferentes portais sobre programas de estudios no estranxeiro. O propio Centro, a través de aplicacións como youtube difunde as súas actividades como audicións do alumnado, concertos e cursos.
- **Aprender a manexar novas aplicacións informáticas musicais** relacionadas ca edición da escritura musical, a gravación, a edición, e a mestura de audio.

Segundo está recollido nos documentos organizativos do Centro, non se permite o uso de teléfonos móbiles, así coma calquer outro dispositivo electrónico equiparable, dentro das aulas, agás nos casos en que o profesor ou profesora o autorice, sempre con fins didácticos.
Asemade, o profesorado poderá empregar e autorizar ao alumnado o uso co móvil ou tablet de programas ou aplicacións informáticas tales como metrónomos, afinadores, ou similares.

Finalmente, o profesorado poderá empregar, sempre dacordo co alumnado e os seus pais/nais/titores legais, o teléfono móvil ou tablet para a grabación de resúmenes da clase, exercicios e pasaxes de repertorio, e indicacións para a práctica semanal. Estas grabacións serán de uso exclusivo entre o profesorado, e o alumnado e os seus pais/nais/titores legais, previa autorización.

## 5. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

Estas actividades cumpren diversas funcións:

- Completar a formación dos alumnos.
- Servir de actividades de formación e avaliación.
- Dinamizar e implicar ao alumnado na vida cultural do centro e o seu entorno.
- Como factor de motivación.

Poderán ser organizadas polo departamento, de xeito interdisciplinar con outros departamentos ou en colaboración con outras institucións externas ao Centro. Serán programadas ao comezo do curso e consistirán en:

- Audicións, exposicións, proxeccións, concursos ou conferencias.
- Organización de agrupacións de alumnos.
- Intercambio con outros centros ou viaxes de estudos.
- Cursos de formación.
- Asistencia a concertos fora do centro.

## 6. GRAO ELEMENTAL

No Anexo II do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, establécense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se basa a presente programación.
O grao elemental, de catro cursos de duración, preséntase como unha etapa de vital importancia no desenvolvemento do futuro instrumentista, entre outras razóns, porque é ao longo deste período cando quedarán sentadas as bases dunha técnica correcta e eficaz.

Nesta programación partimos da premisa realista de que nesta fase de aprendizaxe, a vocación musical do alumno, na maioría dos casos, non estará claramente definida, polo que resultará especialmente importante presentar os contidos da materia do modo máis atractivo e estimulante posible, tratando de espertar no alumno un verdadeiro interese pola tarefa proposta.
Simultáneamente á aprendizaxe instrumental, o alumno aprende a entender correctamente o texto musical e as súas estruturas máis básicas. Así mesmo, hase de tratar que aos poucos poida comprender o sentido do escrito para poder apreciar o seu valor estético e deste xeito poder expresarse con sensibilidade artística.
Será tamén especialmente importante nesta etapa de aprendizaxe que o alumno aprenda a valorar a importancia que ten a memoria na súa formación como intérprete e para o desenvolvemento das súas capacidades intelectuais.
Finalmente, considerouse fundamental fomentar desde o comezo a práctica musical en conxunto como vehículo motivador e socializador e como preparación para a súa participación en futuras agrupacións camerísticas e orquestrais.

**Obxetivos xerais**

O grao Elemental das ensinanzas de música terá como obxectivo o desenvolvemento nos alumnos/as das seguintes capacidades:

a) Apreciar a importancia da música coma linguaxe artística e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

b) Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar e disfrutar a música das diferentes épocas enriquecendo así as súas posibilidades de comunicación e de realización persoal.

c) Interpretar en público coa necesaria seguridade en si mesmo para vivir a música como medio de comunicación.

d) Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos adaptándose equilibradamente ao conxunto.

e) Ser consciente da enorme importancia do traballo individual adquirindo as técnicas de estudo que permitan a autonomía no traballo e a súa posterior valoración.

f)Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenrolo da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

**Obxetivos específicos**

A ensinanza da trompeta como instrumento de vento-metal terá como obxectivo contribuír a desenrolar nos alumnos durante o grao elemental as seguintes capacidades:

a) Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade e que favoreza a correcta colocación do instrumento e as mans.

b) Controlar o aire, mediante unha respiración relaxada, e os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son.

c) Saber cómo corrixir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

d) Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber empregalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual, coma de conxunto.

e) Interpretar un repertorio básico integrado por obras representativas de diferentes estilos, dunha dificultade acorde con este nível.

**Contidos propios**

Practica da relaxación e respiración para o desenvolvemento da capacidade pulmonar.

Fortalecemento dos músculos faciais.

Estudo da emisión do son.

Principios básicos da dixitación.

Práctica das distintas articulacións.

Traballo da dinámica.

Desenrolo da flexibilidade dos beizos, coa práctica de intervalos ligados e con posicións fixas.

Estudo da boquilla.

**Criterios de avaliación**

1. Valoración das aptitudes do alumno e da súa actitude durante as clases de dita materia.

2. Mostrar nos estudos e nas obras a capacidade de aprendizaxe progresivo individual. *(dedicación, esforzo, interese...).*

3. Interpretar os estudos e obras programadas para o curso utilizando os elementos básicos da interpretación: tempo, articulación, dinámica e estilo, acordes coa dificultade do curso.

4. Memorizar textos musicais empregando a medida, articulación e fraseos adecuados o nivel.

5. Ler textos a primeira vista con fluidez e comprensión. 6. Capacidade de adaptación a música colectiva.

7. Interpretar en público obras representativas do seu nivel para comprobar a capacidade de autocontrol e dominio das obras estudadas, e tamén para saber cómo afrontar os problemas que poidan xurdir á hora de enfrentarse a un público.

**Criterios de recuperación para os alumnos con materias pendentes**

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o alumno deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do profesor, sendo aconsellable que o alumno asista as clases colectivas do curso que debe recuperar.

**Planificación dos Cursos do GRAO ELEMENTAL**

**6.1 PRIMEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

**Aprende a tocar a trompeta** ……………………………………P. Wastall Da unidade 1 á 9.

**Team brass**…………………………………………………………Richard Duckett Do 1 ao 30.

**Le trompettiste en herbe** ……………………………….… François Daneels Do 1 ao 96.

**Embouchure Builder, Lowell Litttle**, método completo.

**Escalas e arpexos de DO Maior e Sol Maior.**

**Obxetivos Mínimos:**

Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

Todas as escalas e arpexos.
O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

**6.2 SEGUNDO CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

**First Book of Practical Studies:** ……………………………..…… R. W. Getchell Do 1 ao 30.

**Team brass** …………………………………………………… Richard Duckett Do 31 ao final.

**Aprende a tocar a trompeta ....................................** P. Wastall Desde a unidade 10 á 16.

**Le trompettiste en herbe**………………... François Daneels Desde o estudo 97 ata o 133.

**Embouchure Builder, Lowell Litttle**, método completo.

**Obras con acompañamento de piano:**

Marcha de Escipión, G.F. Handel.

Serenata, A. Grétry.

Preludio de "Te Deum", M. A. Charpentier.

Vers L´avenir, L. Picavais.

Au Chateau de Chantilly, W. Dorselaer.

**Escalas e arpexos maiores ata 2 alteracións e menores harmónicas, melódicas e naturais ata 1 alteración, que deberán ser interpretadas de memoria.**

**Obxetivos Mínimos:**

Mellorar a técnica respiratoria,a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

Todas as escalas e arpexos.
O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

**6.3 TERCEIRO CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

**ARBÁN:**

Primeiros estudos pax. 11 a 16
Síncopas páx. 23 a 24 (dende o exercicio 1 ao 8)

**First Book of Practical Studies:** ……………………….……… R. W. Getchell Do 30 ao final.

**Aprende a tocar a trompeta** …………………….…. P. Wastall Desde a unidade 17 ao final.

**Le trompettiste en herbe**………………. François Daneels Desde o estudo 134 ata o 170.

**Estudos Líricos: ........................................................** Concone Desde o exercicio 1 ao 7.

**Embouchure Builder, Lowell Litttle**, método completo.

**Obras con acompañamento de piano:**

Vers L´avenir, L. Picavais.

Comptine, P. Bigot.

Aria, J.S.Bach.

The Yong virtuoso, C. P. Barnes.

**Escalas e arpexos maiores ata 3 alteracións e menores harmónicas, melódicas e naturais ata 2 alteracións, que deberán ser interpretadas de memoria.**

**Obxetivos Mínimos:**

•Mellorar a técnica respiratoria,a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

•Todas as escalas e arpexos.

•O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

**6.4 CUARTO CURSO DE GRAO ELEMENTAL**

**ARBÁN:**

Primeiros estudos desde a pax.17 ata pax. 22.
Síncopas desde o estudo 9 ata o 12.
Corcheas con puntiño e semicorcheas desde o estudo 13 ata o 38. Estudos sobre o ligado desde o estudo 1 ata o 15.
Escalas maiores: todas.
Escalas cromáticas desde o estudo 1 ata o 5.
Estudos preparatorios del Gruppetto: pax. 91.
Golpe de lengua en el Staccato ternario desde o estudo 1 ata o 14. Golpe de lengua en el Staccato binario dende o estudo 77 ata o 86.

**Le trompettiste en herbe**………………. François Daneels Desde o estudo 171 ata o 200.

**Estudos Líricos** ………………………………………. Concone Desde o estudo 8 ata o 17.

**Second Book of Practical Studies:** …………………….…. R. W. Getchell Do 65 ao 100.

**Embouchure Builder, Lowell Litttle**, método completo.

**Obras con acompañamento de piano:**

Andante e Allegro commodo,E. Baudrier.

Sonate en sib,J.B.Loeillet.

Aria, J.S.Bach

Intrada et Rigaudon, H. Purcell.

Sonate en Fa, A.Corelli.

LiedE, Bozza.

Piece pour concours, L. Picavais.

**Escalas e arpexos maiores ata catro alteracións e menores harmónicas, melódicas e naturais ata tres alteracións, que deberán ser interpretadas de memoria.**

**Obxetivos Mínimos:**

•Mellorar a técnica respiratoria,a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

•Todas as escalas e arpexos.
•O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

**Material de apoio no grao elemental**

Para cubrir as diferentes necesidades do alumnado empregaranse diferentes libros e métodos co fin de acadar o mellor desenvolvemento técnico e interpretativo, como poden ser:

**The Buzzing book**, James Thompson.

**Warm-ups and studies**, James Stamp.

**Estudios de flexibilidade**, Bai Lin.

**Daily drills and Technical studes for trumpet**, Max Schlossberg.

**The Bing Book**, William Bing.

**Escola de lectura**, Jean-François Michel.

**Metodo completo** (1° Volume), G. Balay.

**Elementary studies**, H.L. Clarke.

**Pedal Tones for Trumpet**, Harold Branch.

**7. GRAO PROFESIONAL**

Os ensinos artísticos teñen por finalidade proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade, así como garantir a cualificación dos futuros profesionais da música. Estes ensinos organízanse nun Grao Profesional de seis cursos de duración.
O estudo da especialidade instrumental actúa como eixo vertebrador do currículo, aínda que, como complemento á individualidade que require o estudo dun instrumento, o currículo alberga materias que transcenden este compoñente unipersonal da práctica musical introducindo elementos colectivos como a orquestra, música de cámara e a práctica musical de conxunto, que actúan como verdadeira ferramenta de relación social e de intercambio de ideas entre os propios instrumentistas.
Hase de ter en conta que na formación dun músico, os contidos esenciais están presentes, case na súa totalidade, dende o inicio dos estudos e que o seu desenvolvemento realízase non tanto pola adquisición de novos elementos como pola profundización e desenvolvemento permanente dos xa coñecidos. Cando o alumno comeza o Grao Profesional, xa superou unha etapa: a de adaptación ao instrumento, coñecendo as primeiras dificultades técnicas e as diversas formas de solucionalas. Trátase agora de perfeccionar as capacidades técnicas para lograr superar maiores problemas e ir evolucionando progresivamente a medida que aumenta o nivel de dificultade.

**Obxetivos xerais.**

O grao profesional das ensinanzas de música contribuirá a desenvolver no alumnado as seguintes capacidades:

a) Adquirir criterios estéticos, técnicos e históricos mediante a audición, o análise e a critica de obras musicais significativas de distintas épocas, escolas e xéneros que permitan fundamentar e desenrolar os propios criterios interpretativos.

b) Participar en actividades musicais destinadas a divulgar a experiencia musical e axudar con elas, á súa comprensión e goce. (concertos, audicións, master classes, etc...

c) Valorar o dominio do esquema corporal e das capacidades psicomotrices para adquirir capacidade técnica e de concentración na interpretación e na audición.

d) Aplicar os coñecementos harmónicos, formais e históricos para acadar unha interpretación artística de calidade.

e) Saber integrarse axeitadamente nun grupo para realizar actuacións de conxunto instrumental e vocal ou para actuar como responsable do mesmo.

f) Afianzarse no autocontrol, o dominio da memoria e a capacidade comunicativa, mediante a actuación en público.

g) Coñecer, valorar e interpretar obras musicais contemporáneas escritas nunha linguaxe musical que non é tradicional.

h) Formarse unha imaxe axustada de si mesmo, das propias características e posibilidades e desenvolver hábitos correctos de estudo, valorando o rendemento en relación co tempo empregado.

**Obxetivos específicos**

A ensinanza da Trompeta no grao profesional terá como obxectivo contribuír a desenvolver nas alumnas/os as seguintes capacidades:

1. Adquirir no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.

2. Utilizar con autonomía os coñecementos musicais para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc.

3. Interpretar repertorios que incluían obras representativas das diversas épocas e estilos de dificultade adecuada a este nivel.

4. Practicar a música de conxunto en formacións de cámara de diversa configuración.

5. Desempeñar funcións de solista con orquestra ou piano en obras de dificultade media para desenrolar así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

6. Adquirir coñecementos das diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental.

**Criterios de avaliación**

Os criterios para avaliar aos alumnos/as de grao profesional na especialidade de trompeta son os seguintes:

1. Empregar o esforzo muscular e a respiración axeitados para a execución instrumental.

2- Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

3- Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

4- Interpretar obras dos distintos estilos e épocas como solista i en grupo.

5- Interpretar de memoria obras do repertorio solista de acordo cos criterios do estilo correspondente.

6- Mostrar autonomía na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

7- Presentar en público programas axeitados ao nível demostrando

capacidade comunicativa e calidade artística.

8- Descubrir e razoar os trazos característicos das obras escoitadas en audicións de concertos en directo ou de gravacións.

9- Lectura a primeira vista de fragmentos e obras. 10-Transposición de distintos fragmentos musicais.

11-Demostrar seguridade e precisión no uso da terminoloxía axeitada para formular xuízos persoais acerca das obras estudiadas e aquelas que gozan de especial significación.

12-Investigar sobre os compositores das obras traballadas durante os respectivos cursos.

**CRITERIOS DE RECUPERACIÓN PARA OS ALUMNOS CON MATERIAS PENDENTES**

Dado o carácter continuo da formación instrumental, o/a alumno/a deberá acadar o nivel do curso a recuperar antes de abordar o repertorio do curso seguinte. Non obstante, dado que o programa de cada curso é flexible, poderíase intercalar obras e exercicios de ambos cursos, sempre tendo en conta o criterio do/a profesor/a.

**Planificación dos Cursos do Grao Profesional**

**7.1 PRIMEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

**ARBÁN:**

Estudos sobre o ligado dende o estudo 16 ata o 22.
Escalas maiores: todas.
Escalas cromáticas dende o estudo 6 ata o 9.
Tresillos cromáticos dende o estudo 10 ata o 18.
Estudos preparatorios do Gruppetto dende o estudo 1 ata o 3.
Arpexios perfectos maiores e menores dende o estudo 48 ata o 49.
Arpexios de séptima de dominante, estudo 53.
Golpe de lengua no Staccatto ternario: dende o estudo 15 ata o 25.
Golpe de lengua no Staccatto binario: dende o estudo 87 ata o 93.

**Estudos Líricos: ....................................................** Concone dende a lección 18 ata o 24.

**Second Book of Practical Studies:** …………………… R. W. Getchell Desde a 101 á 121.

**Embouchure Builder, Lowell Litttle**, método completo.

**H. L. Clarke**, método completo.

**Charles Colin-Lip Flexibility**, método completo.

**Obras con acompañamento de piano:**

Badinage, E. Bozza.

Sonata, F. Veracini.

Elegy, W. James.

Eolo, el rey, Ferrer Ferrán.

Suite nº 1, G. P. Telemann.

Concertino, E. Larsson.

**Escalas e arpexios maiores ata cinco alteracións e menores harmónicas, melódicas e naturais ata catro alteracións, que deberán ser interpretadas de memoria.**

**Obxetivos Mínimos:**

Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

Todas as escalas e arpexios.
O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

**7.2 SEGUNDO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

**ARBÁN:**

Estudos sobre o ligado desde o estudo 23 ata o 30.
Escalas maiores: todas.
Tresillos cromáticos desde o estudo 19 ata o 25.
Estudos preparatorios do gruppetto desde o estudo 4 ata o 23.
Apoiatura simple desde o estudo 44 ata o 47.
Doble apoiatura desde o estudo 36 ata o 43.
Estudos de intervalos desde o estudo 1 ata o 2.
Tresillos desde o estudo 13 ata o 27.
Arpexios maiores e menores desde o estudo 50 ata o 51.
Arpexios de séptima de dominante: estudo 54.
Golpe de lengua no Staccato ternario desde o estudo 26 ata o 36. Golpe de lengua no Staccato binario desde o estudo 94 ata o 99.

**Estudos Líricos:** ……………………………….. Concone dende a lección 25 ata o 32.

**Embouchure Builder, Lowell Litttle**, método completo.

**H. L. Clarke**, método completo.

**Charles Colin-Lip Flexibility**, método completo.

**Obras con acompañamento de piano:**

Invocation, R.Starer.

Aria et Scherzo, A.Aroutunian.

Badinage, E. Bozza.

Andante & Allegretto, G. Ballay.

Sonata, F. Veracini.

Elegy, W. James.

Sonata VIII, A.Corelli.

**Escalas e arpexos maiores ata seis alteracións e menores harmónicas, melódicas e naturais ata cinco alteracións, que deberán ser interpretadas de memoria.**

**Obxetivos Mínimos:**

Mellorar a técnica respiratoria,a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

Todas as escalas e arpexios.
O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

**7.3 TERCEIRO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

**ARBÁN:**

Estudos sobre o ligado dende o estudo 31 ata o 54.
Tresillos cromáticos dende o estudo 26 ata o 31.
Estudos do gruppetto dende o estudo 24 ata o 29.
Mordentes dunha nota dende o estudo 48 ata o 54.
Portamentos dende o estudo 55 ata o 59.
Estudos de intervalos estudo 3.
Estudos de semicorcheas dende o estudo 28 ata o 38.
Arpexos maiores e menores estudo 52.
Arpexos de 7ª disminuida estudo 55.
Golpe de lengua no Staccato ternario dende o estudo 37 ata o 46.
Golpe de lengua no Staccato binario dende o estudo 100 ata o 114.

**Legato Etudes for trumpet** ………………………………. **J.** R. Shoemaker dende o 1 ao 8.

**24 Estudos Melódicos** ………………………………………..… O. Böhme dende o 1 ao 12.

**H. L. Clarke**, método completo.

**Charles Colin-Lip Flexibility**, método completo.

**Obras con acompañamento de piano:**

Invocation, R. Starer.

Suite, E. Baudrier.

Variacións en Sol, C. Kreutzer.

Concerto- Estudo op.49, A. Goedicke .

Sonata, T. Hansen.

Rêve d´amour, T. Hoch.

Morceau de Concert, Penequin.

Peza de concurso, G. Ballay.

**Escalas e arpexos maiores e menores: TODAS.**

**Obxetivos Mínimos:**

Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

Todas as escalas e arpexios.
O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

**7.4 CUARTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

**ARBAN:**

Estudios sobre o ligado dende o estudo 55 ata o 68.
Estudos do gruppetto dende o estudo 30 ata 35.
Estudos preparatorios do trino dende o estudo 60 ata o 67.
Estudos do trino dende o estudo 68 ata o 71.
Semitrino e mordente de dúas notas dende o estudo 81 ata o 88.
Estudos de intervalos estudo 4.
Estudos de semicorcheas dende o estudo 39 ata o 47.
Arpexios de 7ª disminuída dende o estudo 56 ata o 61.
Golpe de lengua no Staccato ternario desde o estudo 47 ata o 65.
O ligado no staccato binario desde o estudo 115 ata o 134.

**Legato Etudes for trumpet** ……………………….…. **J.** R. Shoemaker Dende o 9 ao 16.

**12 Estudos** …..………………………………………………………….………………. Dubois.

**24 Estudos Melódicos** ………………………………………… O. Böhme dende o 13 ao 24.

**H. L. Clarke**, método completo.

**Charles Colin-Lip Flexibility**, método completo.

**Obras con acompañamento de piano:**

Sonata, J. Hubeau.

Concerto, A. Arutunian.

Concerto en Eb ( 1º Mov. ), J.B.G. Neruda.

Sonata, T. Hansen.

Solo de concurso, T. Charlier.

Raphsody,E.Bozza.

Fantasía Eslava, C. Höhne.

**Obxetivos Mínimos:**

Mellorar a técnica respiratoria,a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

Todas as escalas e arpexios.
O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

**7.5 QUINTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

**ARBAN:**

Estudos sobre o ligado estudo 69.
Estudos do trino desde o estudo 72 ata o 80.
Estudos de intervalos estudo 5.
Estudos de 8ª dende o estudo 8 ata o 12.
Cadencias estudo 62.
Golpe de lingua no Staccato ternario desde o estudo 66 ata o 76.
Estudos especiais de golpe de lingua desde o estudo 135 ata o 145.
Estudos característicos desde o estudo 1 ata o 7.
Fantasías e variacións: as 6 primeiras.

**Legato Etudes for trumpet** ……………………..………. J. R. Shoemaker Desde o 17 ao 24.

**16 Estudos** ……………………………………………….……………………….. E. Bozza.

**H. L. Clarke**, método completo.

**Charles Colin-Lip Flexibility**, método completo.

**Repertorio orquestal:**

Leonoras 2 e 3,L.V.Beethoven

Symphony nº 5,G.Mahler

Petrouschka, I.Stravinsky.

Bolero, M.Ravel.

**Obras con acompañamento de piano:**

Concerto en Eb (1º Mov.) , J. N. Hummel.

Concerto en Eb (1º Mov.),J. Haydn

Rustiques, E.Bozza.

Concertpiece Opus 11 & 12, V. Brandt .

Concerto para Trompeta, A. Arutunian.

Concerto en Eb, J.B.G. Neruda.

Fantasía Eslava, C. Höhne.

**Obxetivos Mínimos:**

Mellorar a técnica respiratoria,a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

Todas as escalas e arpexios.

O 50 % dos exercicios propostos para este curso .

Dúas das obras suxeridas para este curso.

**7.6 SEXTO CURSO DE GRAO PROFESIONAL**

**ARBÁN:**

Estudos Característicos desde o estudo 8 ata o 14.

Fantasías e variacións: as 6 seguintes.

**6 estudos**……………………………………………………………………………… H. Tomassi.

**16 Estudos de Perfeccionamento:** ……………………………………………… R. Caffarelli.

**H. L. Clarke**, método completo.

**Charles Colin-Lip Flexibility**, método completo.

**Repertorio orquestal:**

Pictures and exhibition,M.Mussorgsky.

Parsifal, R.Wagner.

Don Juan, R.Strauss.

Carmen, Bizet.

Scheherazade, N. R. Korsakov.

**Obras con acompañamento de piano:**

Concerto en Eb M, J. Haydn.

Concerto en Eb,J. N. Hummel.

Concertpiece Opus 11 & 12, V. Brandt .

Sonata, P. Hindemith.

Concerto para trompeta e banda, A. Ponchielli .

Sonatina, J. Françaix.

Intrada, A. Honegger.

Suite en Re, G. F. Händel.

Concerto en Eb, J.B.G. Neruda .

Cascades, A. Vizzutti.

Solus, S. Friedman.

Concerto en Fm, O. Böhme.

**Obxetivos Mínimos:**

Mellorar a técnica respiratoria, a embocadura, a emisión, a afinación, a técnica de estudo na interpretación individual e de conxunto a través do traballo programado para o curso.

Todas as escalas e arpexos.

O 50 % dos exercicios propostos para este curso.

Dúas das obras suxeridas para este curso.

**Material de apoio no grao profesional**

Para cubrir as diferentes necesidades do alumnado empregaranse diferentes libros e métodos, co fin de acadar o mellor desenvolvemento técnico e interpretativo, como poden ser:

**Daily drills and Technical studes for trumpet,** Max Schlossberg.

**The original Louis Maggio system for brass**, Carlton Macbeth.

**The Bing Book**, William Bing.

**The Buzzing book,** James Thompson.

**Warm-ups and studies,** James Stamp.

**Estudios de flexibilidade**, Bai Lin.

**Fitness for brass,** Frits Damrow.

**Escuela práctica e progresiva** (cadernos 1 e 2), T.G. Coronel.

**Pedal Tones for Trumpet,** Harold Branch.

## 8. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

A avaliación será **continua ou de procesos**, de forma que nos permita un control e seguimento do proceso de ensino-aprendizaxe posibilitando a súa progresiva e continua adecuación ás dificultades e necesidades que vaian xurdindo respecto da planificación inicial.
Así mesmo, realizarase unha **avaliación inicial ou diagnóstica** que nos permita identificar os coñecementos previos do alumno, as súas destrezas, habilidades e actitudes previas para así poder planificar o traballo que deberá realizar cada alumno en particular.
En última instancia realizarase unha **avaliación final ou de resultados** ao final de cada trimestre e ao final do curso que, ao comparar os obxectivos iniciais cos resultados finais, serviranos como referente para medir os avances do alumno.
Unha **avaliación criterial**, comparando o progreso do alumno coas metas establecidas previamente en relación coa súa propia situación inicial utilizarase para avaliar o progreso de alumnos con necesidades educativas especiais.

**Procedementos e instrumentos de avaliación**

O control da adquisición dos contidos e o desenvolvemento das habilidades técnicas e expresivas por parte dos alumnos realizarase a través de:

- **Traballo persoal diario**: a observación sistemática durante as clases individuais será o principal procedemento para recompilar información fiable acerca do progreso do alumno.
- **Probas prácticas**: probas técnicas, audicións, exames trimestrais e finais, exames ante tribunal, etc.

**Criterios e porcentaxes de cualificación**
Para o cálculo da cualificación teranse en conta as seguintes porcentaxes:

| | | |
|---|---|---|
| Traballo diario: 50% | Exame trimestre: 30% | Proba práctica (audición): 20% |

Á súa vez, cada un destes apartados ponderarase do seguinte xeito:

<u>TRABALLO DIARIO</u>:

Aplicaranse as seguintes porcentaxes:

- Técnica – 30%
- Estudos – 30%
- Obras – 30%
- Actitude – 10%

Valoraranse as seguintes cuestións técnicas e interpretativas:

- Control da afinación.

- Control das dinámicas e a articulación.
- Control do ritmo e claridade na dixitación.
- Grao de dificultade do repertorio.
- Calidade do son.
- Calidade da interpretación e corrección técnica.
- Respeto aos estilos interpretativos, tempos e articulacións das obras do repertorio.
- **Para a cuantificación**, empregarase o seguinte baremo:
  - **9 – 10**
- Interpretación realizada con excelente precisión, fluidez e seguridade técnica.
- Gran control do son e a afinación.
- Excelente produción, flexibilidade e proxección do son.
- Adecuación do tempo ao estilo das obras e correcto uso do fraseo.
- Sensibilidade para o detalle musical e correcta adecuación ao estilo das pezas.
- Impecable uso das dinámicas e a articulación.
- Sentido comunicativo na interpretación.
  - **7 – 8**
- Interpretación realizada con seguridade.
- Bo control do son e a afinación.
- Tempo adecuado e mantido.
- Realización musical de todos os detalles escritos na partitura.
- Boa calidade, flexibilidade e proxección do son.
- Capacidade de resposta ao diferente estilo musical das pezas.
- Correcto uso das dinámicas e a articulación.
  - **5 – 6**
- Interpretación correcta, seguridade xeral nas notas e o ritmo.
- Aceptable calidade de son e control da afinación.
- Tempo correcto e continuado.
- Limitacións no uso de recursos musicais
- Calidade, flexibilidade e proxección de son aceptable.
- Mostras evidentes dunha adecuada preparación das pezas.
- Tecnicamente correcto.
  - **4**
- Interpretación insegura, sen continuidade.
- Erros na afinación e fallos na produción do son.
- Tempo inadecuado e falta de continuidade no mesmo.
- Falta de fraseo, dinámica e articulación.
- Falta evidente de preparación das pezas.
- Dificultade para recuperarse dos erros.
- Tecnicamente incorrecto.
  - **2 – 3**
- Interpretación errada, grandes dificultades con notas e ritmo.
- Serios erros de afinación e falta de control do son.
- Ausencia de detalles musicais
- Tecnicamente non adecuado.
- Incapacidade para manter a continuidade do discurso musical nas pezas.
- Incapacidade para executar certas pasaxes, falta evidente de preparación das pezas.
  - **1**
- Non presenta traballo algún.

PROBA PRÁCTICA e EXAME DE TRIMESTRE. Empregarase a seguinte rúbrica:

| | Moi deficiente 1 | Insuficiente 2 | Aprobado 3 | Notable 4 | Sobresaínte 5 |
|---|---|---|---|---|---|
| Son e técnica | É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta. | Mala calidade de son. Non usa correctamente a columna do aire. Dificultades evidentes na dixitación e articulación. Non resolve suficientemente as dificultades técnicas que presenta a obra. Posición do corpo e mans inadecuada. | Presenta unha calidade aceptable de son (tendo en conta o nivel correspondente). Usa a columna do aire. Coordinación na dixitación e articulación, se ben perde claridade nalgúns pasaxes. Resolve as dificultades técnicas que presenta a obra, aínda que presenta problemas en pasaxes. Posición de corpo e mans mellorable. | Presenta, en xeral, unha boa calidade de son (tendo en conta o nivel correspondente). En xeral, usa ben a columna do aire, boa coordinación na dixitación e articulación. En xeral, resolve as dificultades técnicas que presenta a obra. Mantén, en xeral unha posición adecuada de corpo e mans. | Calidade de sonido moi boa (tendo en conta o nivel correspondente). Moi boa utilización da columna do aire. Excelente coordinación na dixitación e articulación, Resolve moi ben as dificultades técnicas que presenta a obra. Mantén unha posición moi correcta de corpo e mans, |
| Estilo, expresión e fraseo | É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta. | A interpretación está fora do estilo e carácter da obra. Os matices dinámicos (intensidade) e agóxicos (tempo) son inadecuados. O fraseo e as articullacións son inadecuadas. | A interpretación adáptase aceptablemente ao estilo e carácter da obra. Matices dinámicos (intensidade) e agóxicos (tempo) aceptables. O fraseo e as articulacións son aceptables aínda que non sempre adecuados ou comprensibles. | Adopta, en xeral, ben o estilo e o carácter da obra. Matices dinámicos (intensidade) e agóxicos (tempo), en xeral, adecuados á obra. En xeral, o fraseo é claro e adecuado. Articulacións ben realizadas. | Adopta moi ben o estilo e o carácter da obra, con musicalidade. Matices dinámicos (intensidade) e agóxicos (tempo), adecuados á obra. O fraseo é claro e adecuado. Articulacións moi ben realizadas. |
| Fluidez, precisión rítmica, fidelidade á partitura | É incapaz de superar mínimamente as dificultades que a obra presenta. | Interpretación pouco fluida, tempo inestable ou inadecuado, interrupcións frecuentes. Demasiadas notas falsas ou imprecisións rítmicas. Afinación moi imprecisa. Non respeta as indicacións da partitura. | Interpretación aceptable. Tempo dentro das marxes aceptables, ainda que presenta dificultades ou inestabilidad en determinados pasaxes. Notas falsas ou imprecisións rítmicas, aínda que dentro do aceptable. Cumple suficientemente coas indicacións da partitura. | Mantén, en xeral, unha interpretación fluida e un tempo estable. Toca, en xeral, con corrección nas notas e precisión no ritmo. Afinación correcta. Respeta, en xeral, as indicacións da partitura. | Interpreta con fluidez, a un tempo estable e adecuado. Non hai (ou apenas) notas falsas nin imprecisións rítmicas. Gran precisión na afinación. Respeta as indicacións da partitura. Toca de memoria. |

**Criterios e procedementos para a concesión de ampliación de matrícula**

Para conceder a ampliación de matrícula, é requisito que o alumno supere os obxectivos e contidos do curso no que está matriculado e os profesores de todas as materias consideren que pode superar os do seguinte. O protocolo para seguir é o seguinte:

1.- O profesorado que considere a posibilidade de ampliación de matrícula, poñerase en contacto co titor do alumno.

2.- O titor solicitará á xefatura de estudos unha xunta evaluadora extraordinaria (ou no seu caso, unha sesión de avaliación ordinaria) coa totalidade dos profesores do alumno implicado, para poñer en común a idoneidade ou non da ampliación de matrícula, así como a información que se transmitirá ao alumno, pais ou titores legal sobre o proceso. O titor levantará un acta onde se recollerán as conclusións dos informes do profesorado. Para que a ampliación de matrícula sexa posible, deberá haber un acordo unánime de todo o profesorado.

3.- O titor informará á familia, se é menor de idade, ou ao alumno, se é maior de idade, sobre o estado do proceso. A información achegada polo titor debe ser de carácter global, é dicir, que se comprobarán as posibilidades de poder ampliar matrícula de maneira colectiva por parte de todos os docentes do alumno cunha decisión unánime e firme. No caso de que a familia ou o alumno maior de idade non desexase seguir co procedemento, este conclúe.

4. No caso de que se aconselle a súa promoción, o titor deberá informar ao alumno maior de idade ou á familia, acerca da solicitude que deberá realizar á atención da dirección do centro para levala ao consello escolar. O consello escolar reunirase coas solicitudes recibidas pola dirección. Aquelas que leven o visto e prace, serán reflectidas no acta de avaliación correspondente. Posteriormente o alumno deberá ir á secretaría do centro para realizar os trámites administrativos correspondentes.

**Medidas e procedementos de recuperación ordinarios**

Poderanse realizar exames de recuperación ao longo do curso, nos que o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda á avaliación non superada, podendo o profesor designar os contidos (escalas, estudos, obras) a interpretar na proba.

Poderanse asignar actividades de recuperación individuais, en cada caso, mediante un informe elaborado polo profesor:

- O profesor contemplará a posibilidade de destinar algunhas clases colectivas a traballar aspectos técnicos concretos como medida de recuperación para os alumnos que o necesiten.
- Realización de actividades complementarias de reforzo: clases de reforzo fora do horario establecido se fose posible, asistencia como oínte a clases de outros alumnos, programación da practica semanal baixo supervisión dos seus pais/nais ou titores/as.

**Probas extraordinarias de setembro**

Os alumnos que non aproben o curso en xuño dispoñerán dunha proba extraordinaria no mes de Setembro. Para superar a devandita proba, os alumnos interpretarán na mesma as obras que lles serán notificadas no seu correspondente informe de avaliación negativo. En calquera caso, teranse que alcanzar os contidos mínimos esixibles para cada curso establecidos na presente programación. En caso de dúbida o alumno deberá consultar ao profesor.

**Procedementos de avaliación no caso da perda do dereito á avaliación continua**

Nos casos en que, dacordo co procedemento disposto, o profesor considere que non ten os datos necesarios para avaliar a algún alumno/a de xeito continuo por mor das faltas de asistencia reiteradas, convocará a dito alumno/a para a realización dunha única proba que consistirá na interpretación do repertorio/escalas/estudos e/ou exercicios propostos polo profesor e correspondentes aos contidos do trimestre ou curso avaliado.

A cualificación da proba realizarase mediante a rúbrica incluida na presente programación e empregada para avaliar as probas prácticas.

Contémplanse dous tipos de probas:

**Trimestral:** será aplicada cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do trimestre.

**De todo o curso:** será aplicada cando un alumno perda o dereito á avaliación continua do curso ou na proba extraordinaria co fin de facilitarlle ao alumnado, que curse estudos de Grao Profesional, a recuperación de materias con avaliación negativa.

**Grao Elemental**

Nesta proba o alumno deberá acudir á proba co total da programación secuenciada para o trimestre en cuestión ou para a totalidade do curso se é o caso, sendo a comisión a encargada de designar os contidos así como das pezas a interpretar no exame, ou ben co material que lle indicou o seu profesor-titor.

En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 15 minutos nin superior a 30 minutos de música para os alumnos de grado elemental.

**Grao Profesional**

Nesta proba o alumno deberá acudir á proba co total da programación secuenciada para o trimestre en cuestión ou para a totalidade do curso se é o caso, sendo a comisión a encargada de designar os contidos así como das pezas a interpretar no exame. En devandita proba, o tempo de interpretación non será inferior a 30 minutos nin superior a 45 minutos de música para os alumnos de grado medio.

*** En calquera caso, sempre corresponde ao profesor titor decidir se é necesario ou non aplicar este sistema de avaliación alternativo conforme aos contidos e obxectivos da programación, e poder aplicar os criterios de avaliación.**

## 9. PROCEDEMENTOS PARA A AVALIACIÓN INTERNA DO DEPARTAMENTO

Ao longo do curso, nas reunións do departamento, os profesores revisarán de forma permanente o grao de cumprimento da programación así os resultados académicos dos alumnos, tendo en conta tanto os obxectivos e contidos propostos, como as características individuais de cada un dos alumnos: avaliación inicial, atención nas clases, tempo dedicado ao instrumento, condicións, talento, capacidades, etc. Os profesores informarán aos alumnos e aos seus pais do grao de cumprimento dos mínimos esixidos, dos criterios cos que van ser avaliados e da súa evolución. Así mesmo, tentarase manter un contacto continuo co resto dos departamentos para ter unha visión global do desenvolvemento de cada alumno.

## 10. ANEXOS

### 10.1 PROBAS DE ACCESO

**Acceso a 2º curso de Grao Elemental**

No exame interpretaranse dúas obras, a obra obligada e outra obra, elexida polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras poderán ser interpretadas co acompañamento de piano ou sin el.

**Obra obrigada:**

Granite: do libro Aprende tocando a trompeta (Peter Wastall)

**Obras orientativas:**

Au Chateaux de Chantilly, W. Dorselaer.

Pezas de concerto das unidades 1- 8 (Aprende tocando a Trompeta), P. Wastall.

**Acceso a 3º curso de Grao Elemental**

No exame interpretaranse dúas obras, a obra obligada e outra obra, elexidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras poderán ser interpretadas co acompañamento de piano ou sin el.

**Obra obrigada:**

Vers l´avenir, L.Picavais.

**Obras orientativas:**

Preludio de "Te Deum", M. A. Charpentier.

Au Chateau de Chantilly, W. Dorselaer

**Acceso a 4º curso de Grao Elemental**

No exame interpretaranse dúas obras, a obra obligada e outra obra, elexidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Ademais das obras, terá que ler un fragmento musical a primeira vista. Ditas obras poderán ser interpretadas co acompañamento de piano ou sin el.

**Obra obligada:**

Intrada et Rigaudon, H. Purcell.

**Obras orientativas:**

Aria, J.S.Bach.

Comptine, P. Bigot.

**Criterios de avaliación para as probas de acceso a Grao Elemental**

1. Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.

2. Avaliarase a calidade do son e a técnica da respiración.

3. Avaliaranse a calidade das articulacións, afinación, expresión, matices, dinámicas e a seguridade amosada durante o desenvolvemento da proba.

O tribunal decidirá si se interpretan as obras completas.

**Acceso a 1º curso de Grao Profesional**

No exame interpretaranse tres obras elexidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Unha desas obras será a obligada e despois poderá tamén elixir dúas das obras de dificultade semellante as expostas na lista.

**Obra obligada**:

Aria, J.S. Bach **(de memoria).**

**Obras orientativas:**

Andante et Allegro comodo, E. Baudrier.

Intrada et Rigaudon,H.Purcell.

Sonate en fa, A.Corelli.

Sonate en Sib, J.B. Loeillet.

Pièce pour concours, L.Picavais.

Lied, E.Bozza.

**Criterios de avaliación**

1. Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.
2. Avaliarase a calidade do son e a técnica da respiración.
3. Avaliarase a calidade das articulacións, afinación, expresión, matices, dinámicas e a seguridade amosada durante o desenrolo da proba.

O tribunal decidirá si se interpretan as obras completas.

**Acceso a 2º curso de Grao Profesional**

No exame interpretaranse tres obras elexidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Unha desas obras será a obrigada e despois poderá tamén elixir dúas das obras de dificultade semellante as expostas na lista.

**Obra obrigada:**

Badinage, E.Bozza.

**Obras orientativas:**

Sonata, F. Veracini.

Elegy, W. James.

Eolo el rey, Ferrer Ferrán.

Suite nº 1, G. P. Telemann.

Concertino..E. Larsson.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.

2. Avaliarase a calidade do son e a técnica da respiración.

3. Avaliarase a calidade das articulacións, afinación, expresión, matices, dinámicas e a seguridade amosada durante o desenrolo da proba.

O tribunal decidirá si se interpretan as obras completas.

**Acceso a 3º curso de Grao Profesional**

No exame interpretaranse tres obras elexidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Unha desas obras será a obligada e despois poderá tamén elixir dúas das obras de dificultade semellante as expostas na lista.

**Obra Obrigada:**

Invocation, R.Starer.

**Obras orientativas:**

Aria et Scherzo, A.Aroutunian.

Suit nº 1, G. P. Telemann.

Sonata VIII, A. Corelli.

Badinage, E. Bozza.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.

2. Avaliarase a calidade do son e a técnica da respiración.

3. Avaliarase a calidade das articulacións, afinación, expresión, matices, dinámicas e a seguridade amosada durante o desenrolo da proba.

O tribunal decidirá si se interpretan as obras completas.

**Acceso a 4º curso de Grao Profesional**

No exame interpretaranse tres obras elexidas polo aspirante segundo a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Unha desas obras será a obligada e despois poderá tamén elixir dúas das obras de dificultade semellante as expostas na lista.

**Obra Obrigada:**

Sonata, T.Hansen.

**Obras orientativas:**

Sonata VIII, A. Corelli.

Morceau de Concert, Penequin.

Peza de concurso, G. Ballay.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.

2. Avaliarase a calidade do son e a técnica da respiración.

3. Avaliarase a calidade das articulacións, afinación, expresión, matices, dinámicas e a seguridade amosada durante o desenrolo da proba.

O tribunal decidirá si se interpretan as obras completas.

**Acceso a 5º curso de Grao Profesional**

No exame interpretaranse tres obras elexidas polo aspirante segundo
a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Unha desas obras será a obligada e despois poderá tamén elixir dúas das obras de dificultade semellante as expostas na lista.

**Obra obrigada:**

Fantasía Eslava, C.Hohne.

**Obras orientativas:**

Concerto, A. Arutunian.

Sonata, J. Hubeau.

Concerto en Eb, J. B. G. Neruda .

Rhapsodie, E. Bozza.

**CRITERIOS DE AVALIACIÓN**

1. Avaliarase a postura do corpo no desenrolo da execución musical.

2. Avaliarase a calidade do son e a técnica da respiración.

3. Avaliarase a calidade das articulacións, afinación, expresión, matices, dinámicas e a seguridade amosada durante o desenrolo da proba.

O tribunal decidirá si se interpretan as obras completas.

**Acceso a 6º curso de Grao Profesional**

No exame interpretaranse tres obras elexidas polo aspirante segundo
a relación exposta, ou dunha dificultade semellante a estas. Unha desas obras será a obligada e despois poderá tamén elixir dúas das obras de dificultade semellante as expostas na lista. Tamén se interpretará **UN** pasaxe de repertorio orquestal,(dos recollidos na relación exposta), indicado polo tribunal calificador.

**Obra obligada:**

Rustiques, E.Bozza.

**Obras orientativas:**

Concertpiece Opus 11 & 12, V. Brandt .

Concerto, A. Arutunian.

Concerto en Eb, J.B.G. Neruda.

**Repertorio orquestal:**

Leonoras 2 e 3, L.V.Beethoven.

Symphony nº 5, G.Mahler.

Petrouschka, I.Stravinsky.

**10.2 Criterios para a obtención dos premios fin de grao**

- Poderán presentarse todos aqueles alumnos do conservatorio profesional da Estrada que finalizasen 6º de grao profesional cunha cualificación media de 8 ou máis, e que non teñan ningunha materia pendente do curso anterior.
- O concurso terá lugar ante un tribunal único para todos os aspirantes e constituído especificamente para este fin, que será designado polo director do centro. O tribunal estará formado por tres profesores, dos que só un deles será membro da especialidade de procedencia do alumno aspirante ao premio. Non poderá formar parte do citado tribunal profesorado que impartise docencia directa a ese aspirante durante o curso anterior.
- Estas probas levaránse a cabo unha vez finalizada a sesión de avaliación do fin de curso. Para os efectos de organización académica, a citada proba non se realizará despois de 20 de xuño.

**Contidos da proba**

Presentación por parte dos aspirantes dun programa adecuado á categoría da proba, cunha duración comprendida entre os 20 e os 40 minutos, sendo 20 minutos a duración mínima. O tribunal terá plena liberdade para interromper a interpretación dos candidatos cando o considere oportuno.
Interpretación de memoria de polo menos una das obras do programa.
Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do Centro das notas ao programa elaboradas por él mesmo, polo menos con tres días de antelación á celebración da proba, non recolléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da Dirección do Centro.

**Criterios de avaliación**

- Interpretar as obras mostrando o control técnico do instrumento. Con este criterio comprobarase que o alumno demostre unha excelente capacidade e control técnico pleno do instrumento e valorarase segundo os seguintes indicadores:

    - Dificultade do repertorio
    - Control do ritmo e a medida.
    - Claridade e igualdade na dixitación.
    - Calidade do son.
- Interpretar as obras con coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa estética das mesmas. Con este criterio valorarase o estilo interpretativo do alumno mediante os seguintes indicadores:
    - Aplicación das articulacións segundo o estilo da obra.
    - Adecuación sonora aos diferentes estilos.
    - Adaptación das dinámicas a cada estilo de interpretación.
    - Corrección na execución dos ornamentos.
- Interpretar as partituras con rigor e calidade respecto de movementos, notas e tempos. Con este criterio comprobarase o rigor do alumno na interpretación das obras que se valorará mediante os seguintes indicadores:
    - Respecto dos aires e movementos.
    - Fidelidade das indicacións agóxicas e dinámicas contidas na partitura.
    - Exactitude na exposición das notas.
- Mostrar a calidade artística e unha excepcional capacidade de comunicación musical. Con este criterio valorarase a interpretación artística do alumno mediante os seguintes indicadores:
    - Capacidade de comunicación musical.
    - Concentración ao longo do recital.

LEXISLACIÓN APLICABLE: Orde do 10 de marzo de 2009, pola que se regula o procedemento para a obtención de matrícula de honor e premio de fin de grao para as ensinanzas de música e danza.

## 10.3 CONSIDERACIÓNS ESPECIAIS PARA O CURSO 2020-21 DERIVADAS DA CRISE SANITARIA OCASIONADA POLA COVID-19

Actuacións para o período de actividade lectiva non presencial.

- O ensino non presencial será impartido polo profesorado ordinario do alumnado preferentemente a través da aula virtual de cada grupo. O profesorado realizará o seguimento do alumnado impartindo os coñecementos da materia de xeito virtual a través dos contidos dispoñibles ben achegados polo profesorado o ben os que poña a disposición a Consellería. Igualmente o/a profesor/a poderá poñer tarefas ao alumnado que reforcen co contido da materia ou a avaliación continua da mesma.
- O equipo COVID do centro identificará ao alumnado que teña dificultades de conexión o falla de equipamento para que a consellería adopte as medidas oportunas que minimicen as eventuais dificultades da educación realizada por medios telemáticos.
- Para cada caso concreto de suspensión da actividade lectiva presencial a Consellería poderá adoptar as medidas oportunas en relación cos períodos ordinarios de avaliación do alumnado cando coincidan co tempo de suspensión.
- Durante o período de suspensión da actividade presencial o centro educativo ten previstas as seguintes medidas:

    - a) Establécese un modelo de Aula Virtual común para todo o profesorado.

- b) Comunicación estreita coas familias e co alumnado, para seguir de cerca a evolución, estar ao día das dúbidas ou problemas que poidan xorder. Tentar chegar a todas e todos os alumnos, con todos os medios ao alcance.
- c) No caso de non poder contactar con algún/algunha, poñelo en coñecemento do/da titor/titora ou da Dirección, para tentar buscar unha solución.

**Medidas para o reinicio da actividade lectiva presencial**

Finalizado o período de illamento das persoas que conforman unha aula, nivel educativo ou centro realizarase un proceso de retorno a actividade educativa ordinaria presencial. O Grupo de Coordinación e Seguimento da Pandemia determinará o momento a partir do cal se iniciará o retorno e as medidas específicas que sexa preciso adoptar e o comunicará ao centro.

**Disposicións e protocolos específicos relativos ás videoconferencias de sesións lectivas.**

Debido ás circunstancias, poderanse realizar videoconferencias e/ou gravar sesións lectivas. Esta medida tómase de maneira excepcional e temporal, en tanto dure a situación de excepcionalidade sanitaria debida á COVID-19. Esta ferramenta de difusión e/ou gravación das clases ten o único obxecto de facer accesible o seu contido a aqueles alumnos da clase que non poden acudir presencialmente á aula. Así pois, nas disposicións seguintes establécense as normas oportunas para que se cumpra esta premisa xeral:

1. As videoconferencias e/ou gravacións lectivas son de acceso exclusivo para os alumnos do profesor que imparte a clase por videoconferencia.
2. Está prohibido o acceso ás videoconferencias e ás súas gravacións de calquera persoa que non sexa nin o profesor nin os alumnos participantes.
3. A difusión ou manipulación do contido das videoconferencias por calquera medio será considerado falta moi grave.

Como consecuencia destas disposicións, as posibles discrepancias sobre o sucedido na aula non se dirimirán nunca mediante o acceso ás gravacións, salvo que a discrepancia teña lugar entre individuos que de maneira natural teñan acceso a elas (alumnos e profesor asistentes a esa clase) e no proceso só interveñan eles. Sí se poderá investigar o sucedido nunha aula polos medios habituais ao alcance do equipo directivo (entrevistando aos intervenientes, comprobando tarefas encargadas, etc.).